# ID#739

San Paio – Piñeiro – Maside, 1978-10
**Informante**: Benito (58)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Carballiño I[I], 1, Sampaio, Benito 58 anos

CD 213, 4-5

(4) - R. IV -

Canto da arada

II,1,235. -R.IV- 1) Eu xunguín os meus boiciños (3)
e leveinos á arada I 66 e
e no medio do camiño
se me olvidou a aguillada. I 238 a

2) Dinll'atrás e fun por ela,
e topei a porta pechada:
"E ábreme a porta, María,
e ábreme a porta, malvada".

3) "¿Como ch' hei d'abri-la porta
s' estou faguendo a colada?".
"E a colada que tú fas
i.éche ~~heiche~~ remexe-la cama.

4) ¿De quen son aquiles ollos
qu' están debaixo da cama?".
"Son do ghato do convento
que vén pretende-la gata".

5) "Dáme a escopeta, María, [dám eskopéta]
dame a escopeta, Malvada,
dame a escopeta, María,
que lle vou tirar unha bala".

6) "E o luto qu' hei de poñer:
unha bayeta encarnada,
para que diga la ~~gente~~ gueste:
¡qué veúda mais honrada!"